

XIX – CARTA DO RAMONCHO · S`A YÈSSICA

Miña querida filla:

Que felicidade máis grande recibir a túa carta! Mesmo non puiden evitar emocionarme un pouco, e que orgullo comprobar o ben que escribe a miña pequena. Alégrome moito de que esteades ben, tanto ti como a mamá e os avós, e que ademais te andes a portar tan ben como me contas, estudando moito e axudando e coidando da túa nai.



Pouco sabemos por aquí das novas que me contas, que con tanto

traballo como temos non nos quedan nin tempo nin ganas de prender a tele nin de mirar os xornais. Pasamos o día na obra e ás veces até temos que comer na estada. Á noite chegamos esfolados á pensión, ceamos e dereitiños para a cama, que ás seis hai que estar a pé. Xa ves que vida levamos por aquí. Pero non teñas mágoa; eu fágoo con gusto, miña princesa, non deixo de traballar arreo para que non vos falte de nada e teñades de todo. Xa verás ti que logo dou xuntado unha boa morea de cartos e estou de volta na casa.

Dos lumes e da vaga de calor si que soubemos, que o fomos seguindo nos partes da radio nos poucos ratos que tiñamos libres; pero da treboada é a primeira noticia que teño. A verdade é que tampouco estou tan sorprendido. Tal e como estiveron a construír enriba do río e como lle achicaron a canle, nada me estraña. Os incendios do verán acabaron de amolar o asunto, pois a terra sen unhas raíces que a suxeiten... Tiveron moita présa en facer as cousas, e así xa se sabe. Aínda que supoño que alguén ha de estar a mirar polo tema, déixasme un pouco preocupado por vós; os que toman as decisións compórtanse ás veces como unha auténtica manda de mangantes e podería volver a pasar outra semellante en calquera momento. Pero ti tranquila, que mamá está ao coidado e seguro que ao teu cuarto non ha de chegar a auga. Dende logo, o que non tes que crer é que o teu pai ande a facer algo que non deba. Moi polo contrario.

As casas que facemos aquí son bonitas e boas, de moita calidade, e tamén moi necesarias para que a xente viva, que xa ti recordas como era a casa vella que os avós tiñan na aldea, onde se criou túa nai antes de ir para o piso da Vila. Nin electricidade había, a auga sacábana do pozo e para as necesidades tiñan que ir á horta ou ao

retrete de enriba do cortello dos porcos. Ti non quererás que a xente siga a vivir nesas condicións, e non, miña rula? Pois logo non te preocupes, segue a estudar como até agora e failles moito caso aos teus profesores, a todos eles, eh!; xa falarei eu por teléfono con mamá do tema para que vaia visitar esa señorita P., se é que túa nai pensa que é necesario falar con ela.

Despídome de ti, miña pequena bichoca, até que nos vexamos, o que agardo ha de ser moi pronto. Recibe unha aperta enorme e bicos e alumiños a montes e moreas de:

Teu pai que te quere
Ramoncho da Curva

Posdata: Como supoño que seguirás a portarte tan ben como até agora... descoida, non hei esquecer o agasallo ese que che prometín.